

LENINISMO E CUESTIÓN NACIONAL

 *iniciativa
comunista*

Índice

Prólogo	3
Introdución	4
A definición marxista-leninista de nación	4
O dereito de autodeterminación desde as filas revolucionarias	6
O problema dos Estados plurinacionais en Europa	6
A loita ideolóxica no campo revolucionario: Rosa e Lenin	7
O apoio táctico aos procesos nacionais	8
A burguesía nos procesos de liberación nacional	9
A loita ideolóxica contra o nacionalismo	9
O problema da organización en marcos estatais de loita	10
A historicidade do concepto de nación	11
O problema nacional na loita de clases moderna	13
O problema nacional na era do imperialismo	14
Conclusión	14

Prólogo

Con motivo do 25 de Xullo, Día da Patria Galega, e coincidindo coa necesidade de seguir aprofundando no debate sobre a cuestión nacional e as posicións que as comunistas galegas debemos adoptar respecto dela, queremos achegar este texto, que consideramos unha contribución de grande utilidade para clarificar algúns dos principais debates que atravesan o movemento comunista neste eido.

O documento é a tradución dun artigo publicado no número 7 da revista *Liña Vermella*, en outubro de 2021. Aínda que foi elaborado fai un lustro, pensamos que as reflexións que contén conservan plena vixencia e poden servir como ferramenta para o estudo e o debate.

Ao longo das súas páxinas, o artigo parte da definición marxista-leninista de nación e realiza un percorrido polos principais debates históricos da cuestión nacional no seo do movemento comunista. Analiza as distintas posicións adoptadas ao respecto, a relación entre a cuestión nacional e a loita de clases, o carácter táctico que debe presidir o apoio aos movementos nacionais e a organización das comunistas, así como o único principio irrenunciabile nesta materia: a defensa do dereito de autodeterminación, incluído o dereito de secesión. Do mesmo xeito, afonda na necesidade de preservar a independencia política do proletariado fronte á burguesía, tanto das nacións opresoras como das nacións oprimidas, combatendo toda subordinación á política nacional burguesa e situando sempre os intereses da clase obreira por riba de calquera alianza interclasista. O texto tamén aborda a relación entre nacionalismo e internacionalismo proletario, a cuestión organizativa do movemento comunista e a análise histórica do desenvolvemento das nacións desde unha perspectiva materialista.

Agardamos que esta tradución contribúa modestamente ao estudo, á reflexión e ao debate entre as comunistas galegas. Pola nosa parte, queremos

reiterar a importancia de defender a independencia política do proletariado, de avanzar cara á unidade comunista sobre principios firmes —entre eles, o recoñecemento do dereito de autodeterminación dos pobos— e de fortalecer o traballo teórico, político e organizativo que permita avanzar na construción do Partido Comunista como instrumento imprescindible para a emancipación da clase obreira.

Leninismo e cuestión nacional

Introdución

A cuestión nacional dentro do movemento comunista foi sempre obxecto de estudo e debate. Un debate complexo, pois desde a concepción burguesa do mundo, o sentimento nacional remite precisamente a iso, a un “sentimento”, a unha “comunidade de destino” e a outras concepcións que difiren radicalmente do método de análise materialista.

Este número pretende recompilar e achegar humildemente a nosa perspectiva a determinados debates que, aínda que recorrentes no movemento comunista de todo o mundo, rexurdiron con especial forza no Estado español desde a crise política xerada pola loita de Catalunya pola autodeterminación. Consideramos que a clase obreira, especialmente desde un Estado imperialista como é o Estado español, debe clarificar a súa política neste ámbito, pois o internacionalismo é a única maneira que ten a nosa clase para subverter a barbarie que representa o capitalismo imperialista.

Desde esta perspectiva, pretendemos rescatar o punto de vista marxista-leninista e o método materialista-dialéctico para analizar tanto o concepto de nación, así como os movementos reais asociados a este e as limitacións e contradicións que xurdiron ao longo da historia da loita pola autodeterminación, non simplemente desde un punto de vista teórico-abstracto ou académico, senón intimamente relacionado coa loita de clases. Non podemos esquecer que a cuestión nacional mediou na inmensa maioría dos movementos de masas desde hai séculos: desde a unificación e configuración dos Estados-nación, pasando polos procesos de liberación nacional fronte ao xugo do colonialismo e do

imperialismo, ata as tensións e conflitos existentes en Estados xa consolidados.

Tentamos achegar unha perspectiva á política proletaria nesta cuestión, pois consideramos que non son poucas as ocasións nas que se escribe sen dispoñer sequer dos elementos básicos para realizar unha análise científica da mesma. Respecto a isto, parécenos fundamental recuperar os conceptos de base que explican a existencia das nacións desde un punto de vista material, que non pode ser outro que desenterrar a base económica e os intereses de clase que moven os diferentes actores na historia. Ademais, lonxe das simplificacións, queremos abordar as contradicións que existiron na toma de posicións dentro do campo revolucionario, as loitas de liña que se produciron arredor desta cuestión e as problemáticas que presentaron os distintos procesos nacionais.

A definición marxista-leninista de nación

«A nación é unha comunidade estable, historicamente constituída, de lingua, de territorio, de vida económica e de formación psíquica, que se traduce nunha comunidade de cultura.»

«A nación é unha categoría histórica, e é unha categoría histórica dunha época determinada, a do capitalismo ascendente.»

«A cuestión nacional, nas diferentes épocas, serve intereses distintos, adquire matices diversos, en función da clase que os formula e do momento histórico no que os formula.»

-I. Stalin

Segundo Pierre Vilar, un dos historiadores máis relevantes no estudo do problema nacional no Estado español, estas tres formulacións de Stalin conteñen os elementos fundamentais para desenvolver o concepto marxista-leninista de nación. A coñecidísima primeira fórmula foi a guía por excelencia á hora de caracterizar unha nación, mesmo fóra do marxismo. A brillantez desta primeira afirmación reside primeiro en eliminar os elementos idealistas e transcendentais das previas teorías da “nación cultural” de Bauer – de aí que fale de que determinadas condicións materiais “se traducen” nunha comunidade de cultura. En consecuencia, elimínase o idealismo transcendental do concepto de nación na historia (desde Hegel ata Ortega y Gasset). Como sinala o propio Pierre Vilar, Stalin logra incorporar as achegas de Bauer ao concepto de nación, sen engadir a perigosa palabra “destino”. Xa non temos un espírito nacional que se vai concretando e desenvolvendo ao longo da historia, pola contra, o sentimento nacional, a subxectividade nacional é un produto histórico de determinadas comunidades estables. Polo tanto, a definición de Stalin dota de historicidade concreta ao concepto de nación. Ademais, seguindo as teses de Marx e Lenin, aporta determinados criterios obxectivos e económicos que poderían sintetizarse na existencia dunha sociedade civil cun mercado interno desenvolvido. A construción dunha lingua atópase totalmente conectado común (non sen contradicións) con este mesmo proceso, ao igual que as condicións territoriais. Deste xeito, a primeira fórmula de Stalin contén tanto elementos obxectivos como subxectivos nun concepto con historicidade concreta e que, polo tanto, debe estudarse no seu proceso histórico real, analizando como se despregan todas estas contradicións, dando por resultado ou non a constitución de determinadas sociedades civís en nacións.

A segunda fórmula de Stalin desenvolve a historicidade da construción nacional. Aínda que os procesos que conducen á constitución dunha determinada unidade territorial, unidade de lingua,

unidade de mercado interno común, etc., son procesos de longa duración histórica e tardan séculos en desenvolverse, o nacemento das nacións políticas prodúcese nun período histórico moi concreto e moito máis breve. As nacións aparecen durante a etapa de ascenso do capitalismo, alcanzando a súa plenitude e manifestación histórica en forma de Estados-nación durante o capitalismo industrial. Esta fórmula desmonta a inmensa maioría das definicións mitificadas da nación, especialmente das teorías burguesas que fan unha proxección ideolóxica das estruturas políticas do presente cara a un pasado remoto (por exemplo, a constante reivindicación do Imperio español por parte do nacionalismo español). Isto revela os elementos psicolóxicos sobre os que se asenta tal nacionalismo máis aló de aportar unha explicación real sobre a formación da mesma.

A terceira fórmula fai referencia a que, debido a que o estalido dos conflitos nacionais adoita producirse en períodos de tempos curtos, o seu desenvolvemento concreto está intimamente ligado á desenvolvemento particular da loita de clases nesa nación. Deste xeito a aparición concreta de determinados Estados-nación non depende exclusivamente dos fenómenos históricos de longo percorrido nos que se fai máis fincapé, senón tamén nas correlación de forzas concretas nos marcos de loita de clases nacionais. É precisamente esta ligazón que se desenvolve entre a cuestión nacional e a loita de clases que esixe que os e as revolucionarias teñamos que tomar posicións respecto dos procesos de liberación nacional.

Finalmente, cómpre destacar o fenómeno económico que impulsou a burguesía á construción dos Estados nacionais fronte ao Antigo Réxime, a conquista dos mercados interiores de rexións historicamente cohesionadas. Como sinalaba Stalin, o mercado é a primeira escola na que a burguesía aprende o nacionalismo, na súa competencia económica coas burguesías doutras nacións. Deste xeito, a burguesía ascendente procura conquistar o Estado para eliminar os obstáculos feudais existentes

nas relacións sociais de produción, na procura do desenvolvemento máis pleno alcanzable en cada momento do capitalismo. Cómpre dicir que este esquema é o que se desenvolveu experimentado en Occidente onde os Estados-nación xorden como revolución de Estados absolutistas xa consolidados e independentes. No caso dos procesos de liberación nacional das colonias, a loita contra o Antigo Réxime é a loita contra o colonialismo e polo tanto a expulsión da nación colonizadora.

«[As citadas 3 fórmulas de Stalin] teñen a vantaxe de basearse na distinción, esencial para o historiador, dos diferentes ritmos do tempo histórico: 1) a nación xorde de FEITOS de moi longa duración: lingüísticos, psíquicos, culturais e territoriais (por exemplo, os "desertos-fronteira");

2) a nación, como FENÓMENO histórico, pertence á orde dos fenómenos de duración media. O ascenso do modo de produción capitalista, co seu preludio mercantil (séculos XV-XVII: Portugal, España, Francia, Inglaterra, Provincias Unidas) e a súa plenitude no capitalismo industrial (cf. os textos de List); 3) os movementos e acontecementos, feitos de curta duración, son os que vinculan á existencia do grupo, á "cuestión nacional", os intereses das clases que, normalmente de maneira sucesiva (aínda que ás veces coincidan), defenden, atacan, invocan, negan, organizan, exaltan, etc a colectividade de longa duración.»

-Pierre Vilar, *Iniciación ao vocabulario da análise histórica* (1980).

O dereito de autodeterminación desde as filas revolucionarias

O problema dos Estados plurinacionais en Europa

O fenómeno que deu lugar ao debate sobre a cuestión nacional dentro do movemento revolucionario foi a existencia de Estados plurinacionais en Europa. Estes Estados adoitan proceder de estruturas imperiais cun menor desenvolvemento das modernas relacións capitalistas. Segundo Kautsky, os Estados plurinacionais non presentan unha organización interna plenamente adaptada ás relacións de produción capitalistas (por exemplo, EH e Catalunya industriais, fronte a unha España maioritariamente semi-feudal agraria). Por exemplo, Lenin analiza o caso do Imperio Austro-húngaro, que polo desenvolvemento concreto da loita de clases configurouse un Estado que vivira unha revolución burguesa pero que mantiña unha unidade de alemáns, checos e húngaros debido á guerra que estaban vivindo contra Alemaña e á presión que exercía Rusia sobre a independencia destas diferentes nacións. Segundo Lenin como o desenvolvemento burgués do Imperio Austrohúngaro estaba xa

avanzado, non esperaba que se producisen procesos políticos de independencia nacional pois as vantaxes de gran Estado eran suficiente recompensa para as distintas burguesías nacionais. Outro exemplo deste tipo de fenómeno é o Imperio ruso que incluía nacións periféricas cun desenvolvemento capitalista superior ao da nación dominante. No caso de Polonia, Lenin fala de que o desenvolvemento do capitalismo nas nacións periféricas do Estado é maior e que o Imperio ruso mantiña a unidade das distintas nacións a través da opresión máis aberta.

Ante estes fenómenos históricos xorden varias preguntas: sacrificarán as burguesías nacionais as vantaxes dos Estados grandes para reclamar a independencia nacional? Supoñen nalgúns casos estes procesos de independencia un escenario favorable á loita de clases? Foi arredor destas cuestións e en concreto sobre a cuestión nacional en Polonia que Rosa Luxemburgo e Lenin protagonizaron unha unha coñecida loita de liñas sobre a cuestión nacional e o dereito de autodeterminación.

A loita ideolóxica no campo revolucionario: Rosa e Lenin

Para Rosa Luxemburgo xa non tiña sentido apoiar a independencia de Polonia porque a burguesía nacional prefere as vantaxes derivadas do gran Estado imperial fronte aos seus propios obxectivos nacionais. En base a considerar que a burguesía xa non ía a xogar ningún papel nun proceso de revolución democrático-burguesa nacional, só o proletariado podía levar adiante este proceso de emancipación e defendía, polo tanto, que pensar primeiro nunha revolución nacional xa dirixida polo proletariado significaba dar un rodeo innecesario a unha revolución socialista igualmente encabezada polo proletariado.

Cómpre lembrar que como a construción nacional en Europa estivo ligada aos procesos de revolución burguesa, é evidente que a clase que dirixiu o inicio de todo os movemento nacional é a burguesía. A loita de liñas nunca xirou arredor deste problema (aínda que os debates actuais parezan reducirse a discutir se a burguesía é dirixente ou non). A cuestión é se o proletariado pode sacar vantaxe ou non deste tipo de procesos no desenvolvemento xeral da loita de clases.

Para Lenin, as teses de Rosa Luxemburgo subestiman a potencialidade revolucionaria dos movementos nacionais que aínda podían ter un papel revolucionario no Imperio ruso xa que estes movementos nacionais de masas eran unha forma máis de atacar a autocracia rusa. De aquí a posibilidade táctica de utilizar os movementos nacionais para fins revolucionarios. Isto encaixaba ademais coa visión máis ampla que tiña Lenin sobre o desenvolvemento da revolución e como o proletariado tiña que facerse eco de todas as formas de opresión e explotación da autocracia rusa e que polo tanto era o proletariado quen debía ser o principal defensor dos dereitos democrático-burgueses. É por iso polo que Lenin condenaba desentenderse dos aspectos progresivos que poden conter os xa xurdidos

movementos nacionais de masas.

Lenin recoñece o dereito democrático á autodeterminación e polo tanto o dereito á secesión (aínda que non a obriga de exercelo). Para Lenin o recoñecemento do dereito de autodeterminación é unha forma indispensable de concreción do internacionalismo proletario e polo tanto de forxar vínculos entre o proletariado das diferentes nacións dun Estado, ademais de combater os prexuízos e represión fomentada pola nación dominante. Porén, isto non quere dicir que o proletariado deba compartir a política nacional da burguesía, que en última instancia sempre buscará privilexios nacionais propios. Ademais do apoio as reivindicacións democráticas e forxar lazos internacionalistas, Lenin considera que, nos Estados atrasados, os procesos nacionais poden abrir camiños que faciliten posteriormente o desenvolvemento da loita de clases. No caso de Polonia, como nación que comeza a desenvolverse industrialmente moito máis que o resto de Rusia, entendía que as contradicións derivadas do desenvolvemento capitalista de Polonia conducirían á ruptura co Imperio ruso, debilitando a un Estado que era un bastión da reacción e que ademais o desenvolvemento libre de Polonia provocaría un crecemento cuantitativo do proletariado nesa rexión.

Porén, na política de Lenin tamén aparecen as reservas xustificadas da posición de Rosa. Rosa acertaba ao afirmar que a política proletaria non busca a creación abstracta destes movementos nacionais como un fin en si mesmo, senón que valora a posibilidade táctica de apoiar estes procesos. En segundo lugar, Lenin ao igual que Rosa, teme que a ideoloxía nacionalista desvíe ao proletariado dos seus obxectivos revolucionarios finais e que polo tanto, prevaleza a unidade nacional interclasista sobre o internacionalismo proletario cara obxectivos comunistas. É por iso polo que Lenin afirma claramente que o marxismo é irreconciliable con calquera nacionalismo, por máis xusto ou progresista que este sexa.

Finalmente, máis alá do dereito de autodeterminación, Lenin recoñece aspectos positivos na independencia de Polonia, abrindo polo tanto o debate sobre o apoio concreto ou non á secesión dunha nación. Na política proletaria esta decisión é de orde práctica, aínda que se manteña como principio o recoñecemento do dereito á secesión. Como claramente sintetiza Lenin, a política proletaria en materia nacional é unha política independente, aínda que se poida apoiarse conxunturalmente na burguesía nacional. Precisamente como os procesos nacionais adoitan estar dirixidos pola burguesía, sacrificar a independencia política do proletariado en favor da unidade nacional, rematará traducíndose en entregar ao proletariado á burguesía nacional nada máis esta conquista o Estado propio.

O apoio táctico aos procesos nacionais

En primeiro lugar, cómpre sinalar que Lenin fala en todo momento de movementos de masas nacionais xa existentes e en ningún momento entra a debater a construción de movementos nacionais desde as filas revolucionarias. Este aspecto que nas loitas de liberación nacional nas colonias foi determinante (a construción de fronte patrióticas revolucionarias), na Europa imperialista remataron, como advertían Rosa e Lenin, en exaltar o nacionalismo e desterrar o marxismo-leninismo do programa das organizacións revolucionarias. Sen dúbida continúa pendente facer balance destes procesos frustrados de desenvolvemento de movementos nacionais desde organizacións revolucionarias e a súa deriva especialmente no Estado español.

Continuando co desenvolvemento da liña leninista respecto da cuestión nacional, o proletariado subordina o apoio aos procesos nacionais ao desenvolvemento xeral da loita de clases. Polo tanto, o único aspecto de principio neste tema é o apoio ao dereito de autodeterminación e nada máis. Dentro do debate sobre a constitución de determinados pobos en nacións e a existencia ou non de movementos

nacionais susceptibles de ser apoiados, cómpre facer unha consideración previa. En palabras de Pierre Vilar: «Non hai un "movemento nacional" [conciencia de intereses de grupo cohesionado] se non se da a existencia dun Estado por parte do grupo que sinte nación.».

Esta observación é determinante, especialmente no contexto da loita de clases no Estado español, onde sempre existiron tendencias cantonalistas e tras o fracaso das organizacións de clase; gran parte da esquerda institucional sumouse ao carro do rexionalismo. Como xa comentabamos anteriormente, un dos elementos determinantes da caracterización dun grupo humano como nación tamén atende a súa actuación subxectiva e que se termina concretando en que amplas capas asumen a reivindicación dun Estado propio, mesmo cando isto supoña desvantaxes económicas, políticas, etc. Por iso, á hora de caracterizar un movemento nacional de masas é imprescindible valorar a existencia de grupos sociais cohesionados que manteñan unha loita contra outros grupos nacionais reivindicando a constitución dun Estado propio. Esta consideración desmonta as valoracións rexionalistas que pretenden elevar a nación a determinados pobos argumentando que existen organizacións políticas institucionais (case sempre minoritarias) de carácter soberanista.

En concreto, o famoso programa de Rusia do que fala Lenin limitase ao apoio aos movementos nacionais de carácter democrático-burgués xa que, no marco do Imperio ruso, as revolucións burguesas aínda permanecían inconclusas. Xa Marx e Engels apoiaron a independencia de Polonia porque o movemento nacional polaco era o único movemento democrático existente e aínda non había ningún referente obreiro. Como vemos os criterios tácticos para apoiar estes movementos nacionais atópanse exclusivamente nos obxectivos máis xerais da revolución socialista.

Con todo, o contexto actual non é totalmente o mesmo, atopámonos nunha etapa de decadencia do

imperialismo, na que os Estados existentes xa viviron revolucións burguesas máis ou menos satisfactorias. Carecemos de movemento revolucionario organizado e movementos nacionais como o catalán están canalizando reivindicacións que atentan contra os piares do Estado español entre amplas masas. É á luz destas circunstancias que se debe valorar o apoio ou non aos procesos nacionais e non atendendo a se a burguesía dirixe ou non dirixe estes procesos.

A burguesía nos procesos de liberación nacional

«A loita iniciouse e acendeuse, a dicir verdade, non entre as nacións no seu conxunto, senón entre as clases dominantes das nacións dirixentes e das nacións relegadas. Xeralmente, a loita lévase a cabo ou ben pola pequena burguesía cidadá da nación oprimida contra a gran burguesía da nación dominante (checos e alemáns); ou pola burguesía rural da nación oprimida contra os grandes propietarios terratenentes da nación dominante (os ucráinos en Polonia); ou ben por toda a burguesía “nacional” das nacións oprimidas contra a nobreza reinante da nación dominante (Polonia, Lituania, Ucraína, en Rusia).»

-I. Stalin

En primeiro lugar, debemos sinalar que, no marco de Estados imperialistas plurinacionais, a burguesía dunha nación oprimida sepárase en dúas ás. Por unha banda, a burguesía imperialista, normalmente aliñada cos intereses da gran nación, cuxos intereses coinciden cos do capital financeiro e buscan as estruturas estatais máis fortes sobre as que apoiarse. Por outra banda, aparece tamén unha burguesía nacional, conformada sobre todo por mediana e pequena burguesía que constituíu as bases históricas dos movementos nacionalistas.

O que debemos saber prever desde as filas revolucionarias é que as disputas entre burguesías no ámbito puramente económico poden alcanzar con rapidez carácter político, especialmente nun marco de resposta represiva por parte da nación dominante

(restrición ao uso da lingua, dereitos electorais, escolas, etc.). As respostas represivas desencadeadas afectan a grandes masas sociais, incluíndo aquelas que non se situaban ideoloxicamente dentro dos movementos nacionais. É así como os conflitos nacionais poden alcanzar dimensións de grandes movementos de masas.

O apoio desde as filas revolucionarias ao dereito de autodeterminación nace da loita máis ampla e xeral que realiza o proletariado polas liberdades democráticas, especialmente no marco de Estados máis atrasados no seu desenvolvemento burgués. Porén, a política proletaria non debe rexerse nin baixo a ideoloxía burguesa nin baixo as formas organizativas da burguesía, nin sequera baixo os seus métodos e legalidades. A loita pola autodeterminación afecta á emancipación política dunha nación, pero o proletariado non debe esquecer que a emancipación económica, a emancipación cara a un novo modo de produción, só pode chegar por vía da revolución socialista. Porén, Lenin considera que os conflitos nacionais abren oportunidades valiosas para a acción revolucionaria, especialmente para axitar as masas. As vitorias democráticas como a liberdade de propaganda ou liberdades como a posibilidade de realizar un referendo de independencia facilitan a acción de masas dos revolucionarios. Tamén Lenin é consciente de que no marco dos novos Estados imperialistas, as burguesías nacionais prefiren os privilexios que lles brindan os grandes Estados e canto máis preto está o momento da secesión máis susceptible é a burguesía de botarse atrás. É aí onde as masas se encontran abandonadas á súa sorte e onde a existencia de referentes revolucionarios resulta determinante.

A loita ideolóxica contra o nacionalismo

«Negar no Estado capitalista a liberdade de autodeterminación, é dicir, de separación das nacións, non significa outra cousa que defender os privilexios da nación dominante e dos procedementos policíacos de administración, , en detrimento dos democráticos.»

— V. I. Lenin

A forma fundamental de independencia política do proletariado no ámbito da liberación nacional é a loita contra toda forma de prexuízo nacionalista. Pola súa parte, desde a nación opresora, a burguesía azúa os prexuízos nacionais para poñer barreiras á unidade internacionalista. Tal é así que Marx apunta que os proletarios británicos xamais poderán facer unha revolución se non apoian a independencia de Irlanda. O aparato propagandístico do Estado encárgase de alimentar este tipo de prexuízos, especialmente nos momentos de maior conflictividade social. Lenin entende que a única forma de non sucumbir ante estes prexuízos de gran nación é apoiar o dereito de autodeterminación e, deste xeito, fomentar a unidade obreira.

A política de recoñecemento do dereito de autodeterminación non só combate os prexuízos nacionais, senón que tamén combate o oportunismo que se alíña cos intereses da gran nación a cambio dos privilexios que pode brindar unha estrutura estatal máis grande. O oportunismo, ademais, intentará sementar o medo ante a «desintegración» do Estado, culpando da reacción desencadeada pola gran nación á nación oprimida. A independencia política do proletariado conquístase loitando contra esta expresión oportunista dos intereses da gran nación nas nosas filas.

Polo tanto, a liña xeral de actuación revolucionaria é a loita pola unidade de clase internacionalista. Este aspecto tamén afecta ao proletariado da nación oprimida e, por tanto, subordina a política nacional aos obxectivos xerais da revolución. Isto concrétese tamén na loita ideolóxica contra o nacionalismo da nación oprimida, o cal sempre buscará privilexios nacionais que levanten barreiras á unidade obreira.

«Agora ben, a política de represión nacionalista ten tamén outra faceta perigosa para a causa do proletariado. Desvía a atención das amplas capas da clase obreira das cuestións sociais, das cuestións da loita de clases, cara ás cuestións nacionais, cara ás cuestións "comúns" ao proletariado e á

burguesía. E isto crea un terreo favorable para a prédica mentireira da "harmonía de intereses", para diluír os intereses de clase do proletariado, para a avasalar moralmente aos obreiros. Así se ergue unha seria barreira fronte a obra da unificación dos obreiros de todas as nacionalidades.»

— I. Stalin

Aínda que o proletariado apoie a burguesía nacional cando combate a burguesía da nación opresora, non debe ceder ante a ideoloxía nacionalista e a procura dos privilexios nacionais por riba da igualdade e unidade do proletariado. O proletariado tamén loita contra a burguesía da nación oprimida cando esta se dirixe cara ao nacionalismo burgués e á procura de privilexios nacionais.

O problema da organización en marcos estatais de loita

Arredor desta cuestión abriuse unha loita de liñas entre Lenin e Bauer que se concretou arredor da organización independente dos xudeus no Bund. Para Bauer a nación constituía unha «comunidade de destino» e, polo tanto, supoñía unha noción transcendental, «con existencia propia» máis alá da historia concreta da loita de clases. Polo tanto, as reivindicacións de carácter nacional eran obrigadas mesmo cando non existía unha existencia cohesionada e territorialmente definida.

A isto Lenin respondeu que empurraba os xudeus a manterse como unha caste separada con criterios que non se vinculaban aos problemas da organización territorial dos revolucionarios. Lenin argumentaba que os socialistas das nacións oprimidas debían defender a unidade dos obreiros e obreiras nun marco estatal de loita, independentemente de se pertencen a unha nación oprimida ou opresora. Este compromiso de unidade era entendido por Lenin como un compromiso pola unidade organizativa de todos os obreiros e obreiras baixo un único Partido. Segundo Lenin, a unidade orgánica era a única forma de manter unha política proletaria independente contra o nacionalismo, especialmente contra o

nacionalismo, especialmente contra o nacionalismo da nación oprimida. Porén, dentro da III Internacional permitiuse a existencia do PSUC como Partido proletario organicamente independente, aínda que sen dúbida irmandado co PCE. A Internacional cedeu na unidade organizativa pero non na unidade estratéxica do proletariado, procurando a unidade de acción do Estado Maior revolucionario nun marco estatal de loitas.

Consideramos que a política proletaria nesta cuestión tampouco é de principio, senón que difire a nivel táctico. Aínda que é certo que un partido de ámbito estatal, que abranza as comunistas das nacións oprimidas, fortalece a súa unión e o internacionalismo proletario, pode converterse nunha problemática para coa clase obreira da nación oprimida. Por outra banda, os grandes movementos revolucionarios triunfantes si estiveron aglutinados nun partido único a nivel estatal e, en liñas xerais, os partidos definidos por nacións oprimidas nos estados imperialistas acabaron virando cara ao chauvinismo de pequena nación. Polo tanto, será a análise concreta da realidade concreta a que permita definir esta liña. Se nunha nación oprimida existe unha organización de vangarda fusionada cun movemento de masas, sería curto de miras sacrificar a súa independencia en prol de unificarse. Porén, o que debe primar sempre desde o internacionalismo proletario é a unidade de clase e, polo tanto, emulando o noso propio legado histórico do PSUC, deben procurarse todas as formas para que se popularice este concepto, mesmo cunha organización diferenciada.

A historicidade do concepto de nación

Desde o chauvinismo español, existe unha confusión absoluta que pregoa a necesidade de atopar as claves nacionais en lendas celtas, visigodas ou romanas. Estes aspectos prefiguran e forman unha base que determina en certa medida o futuro. Porén, a realidade non pode distar máis disto cando a construción nacional no Estado español é das máis tardías e débiles de toda Europa e que precisamente a primeira nación política da historia, Holanda, non só

non é España, senón que nace liberándose do xugo do Imperio español. Os mitos aparecen como proxección ideolóxica das estruturas sociais presentes, que nada teñen de lendarias. Cando se fan este tipo de definicións mitificadas búscase confundir as formas estatais máis ou menos unificadas (reino de Castela e Aragón ou Imperio español) coa construción nacional, borrando precisamente a historicidade concreta do concepto de nación do período capitalista. Confúndense deste xeito as bases dunha nación coa propia nación.

É especialmente ridículo e moi típico buscar antecedentes nacionais na Idade Media, procurando as raíces nacionais na Reconquista (xa sexa como afirmación centralista desde o chauvinismo de gran nación, ou como reafirmación rexional desde o nacionalismo máis periférico). A realidade concreta é que durante o feudalismo as relacións políticas que vinculan as súas diferentes clases sociais aséntanse sobre relacións privadas e persoais. Non hai deber de pertenza para coa nación, senón para co señor e o seu señorío. Pola súa banda, as comunidades definidas encóntranse atomizadas (fortes urbes illadas e comunas rurais disgregadas) e con escasos vínculos entre elas (aínda non existen mercados internos consolidados).

Non negamos que o desenvolvemento da Reconquista tamén modele o futuro, e hai varios exemplos diso: herdanzas culturais, formas de propiedade (como os grandes latifundios), diferentes grupos de poder dominantes (o desenvolvemento dos diferentes reinos e, por tanto, o foro do rei), a conformación das distintas linguas romances do territorio, etc. Estes son aspectos de longa duración que van modelando unha determinada sociedade civil, pero que en absoluto define e prefigura por completo o futuro nacional. Estes aspectos conforman unha base, preparan para a futura construción de Estados absolutistas fortes, pero non sentencian unha evolución nacional ineludible.

Durante este período, como se comentaba para o

caso do Estado español, en Europa durante a época feudal, tras a caída do Imperio romano e as diferentes conquistas xermánicas e árabes, dáse unha diferenciación lingüística que, unida ás diferentes unidades políticas xa desenvolvidas durante moito tempo (diferenzas tribais asumidas como diferenzas provinciais no marco do Imperio romano), termina dando orixe a unha certa identificación entre nación e lingua. Nesta época tamén se forxan aspectos ideolóxicos, políticos e económicos que van unindo lazos no mundo feudal atomizado: a unidade relixiosa e a loita entre diferentes relixións e cismas, a formación de Reinos ou Imperios que integran dentro de si diferentes provincias, etc. E, finalmente, o desenvolvemento das forzas produtivas, así como o desenvolvemento de mercados internos e da relación entre campo e cidade. Todo iso, factores que empurran a crear conciencias colectivas moito máis amplas.

A constitución de Reinos e Imperios como fortes Estados en Europa occidental vén acompañada do xurdimento do capitalismo mercantil. Durante o século XVI a Reforma convértese nunha panca de desenvolvemento capitalista e nacional, abandónase o latín en favor das linguas «vulgares», a figura de poder eclesiástico deixa de ser o Papa de Roma e búscase formar Igrexas en marcos estatais (p. ex. Henrique VIII era o líder da Igrexa de Inglaterra). A Reforma nace así baixo o apoio de príncipes e monarcas de Estados cun capitalismo mercantil en auxe, furando certas bases fundamentais do feudalismo, como o poder da Igrexa. A Reforma en Alemaña tamén é un reflexo de reacción ante outra forte estrutura feudal, o Sacro Imperio. No seu momento Carlos I de España e IV de Alemaña gobernaba sobre territorios totalmente independentes e nacía ao modo feudal desde a elección por príncipes electores. O auxe do capitalismo mercantil sostense politicamente sobre a construción de Estados absolutos, Reinos definidos e cohesionados (unha lingua, unha relixión, etc.) en reacción aos mandos feudais onde o Rei era un nobre máis. No caso do Imperio español, a diferenza dos

reinos, téñense enormes dificultades para constituír unha unidade territorial cohesionada, xa que a forma imperial implica a heteroxeneidade territorial. A nivel económico téndese cara á unificación territorial de intereses, unidade de moeda, unidade de pesos e medidas. Neste período de desenvolvemento do capitalismo (s. XV–XVIII) dáse o preludio das nacións. No Estado absoluto o rei é o Estado e o Estado é a nación —no caso do Estado español vívese este fenómeno de forma tardía, pero non debemos esquecer que a historia de Fernando VII foi a historia de salvar o rei para salvar a nación.

A finais do s. XVIII e principios do s. XIX é a primeira época histórica do capitalismo en canto á cuestión nacional, danse os primeiros conflitos nacionais que buscan a constitución de novos Estados, prodúcese a loita entre o Antigo Réxime e o moderno desenvolvemento capitalista. Os movementos nacionais adquiren un carácter de masas (non sen contradicións; por exemplo, tanto na Revolución Francesa como na Guerra da Independencia, gran parte da construción nacional apoiouse sobre o rexionalismo ou cantonalismo feudal do pobo, prexuízos relixiosos, etc.). A nación representaba os erguidos contra o Antigo Réxime, a monarquía e as minorías privilexiadas, creando as novas institucións do que será o novo Estado nacional. Porén, a loita de clases sempre termina impoñéndose e, aínda que a psicoloxía nacional se sustenta sobre a idea de que a nación en armas, con independencia da súa clase, lle arrinca o poder ao Antigo Réxime eliminando os vestixios feudais, a realidade é que a Revolución conquista a nación para unha clase determinada, a burguesía, a clase social en auxe que era capaz de impor o seu dominio e os seus intereses ao conxunto da nación. Aquí podemos ver claramente a vinculación entre industria, burguesía e nación. Porén, o pobo tampouco foi alleo aos avances traídos pola Revolución e cada vez máis identifícase a nación coas conquistas e liberdades gañadas durante a construción do Estado-nación; aquí engrénase a idea do goberno que reflicte a vontade do pobo. Ata na atrasada España quíxose que Fernando VII aceptase a

nova Constitución de Cádiz, «pacto entre o Monarca e o pobo, cimento e encarnación de toda Nación moderna», que arengaba Riego durante o seu levantamento en 1820.

O problema nacional na loita de clases moderna

Tras a creación dos primeiros Estados nacionais e a súa consolidación, desenvólvese un período de preeminencia do nacionalismo entre 1871 e a Primeira Guerra Mundial. Neste momento a nación elévase por riba das clases e danse as grandes controversias e teorizacións arredor do concepto de nación e o nacionalismo. Neste mesmo período desenvólvese o imperialismo e culmina na primeira guerra entre nacións imperialistas. Todos estes procesos son coherentes xa que, como comentabamos máis arriba, o nacionalismo burgués nun primeiro momento busca a conquista do mercado interno e, unha vez culminado este proceso, a burguesía nacional lánzase ao dominio colonial e á conquista dos mercados internacionais, entrando en conflito co resto das nacións europeas, «a guerra comercial das nacións europeas co orbe terrestre como escenario», en palabras de Marx. Para Lenin, neste momento histórico os movementos democrático-burgueses de masas encóntranse en declive debido a que os intereses do novo capital financeiro se encontran en loita contra o internacionalismo proletario, de tal modo que os movementos nacionais progresistas en Occidente terían rematado o seu momento.

En Europa oriental, pola súa banda, dominan os imperios plurinacionais onde se dan movementos de minorías nacionais moi fortes que se opoñen ao autoritarismo dos grupos nacionais dominantes que controlan a estrutura imperial. As capas sociais que dominan estas reivindicacións son unha burguesía que se opón ás estruturas feudais, ademais de capas campesiñas na súa maioría e mesmo obreiras. É neste marco onde se abren oportunidades reais de vincular os movementos nacionais de masas coas revolucións democrático-burguesas aínda pendentes e, ademais, nos marcos de baleiro de poder, a oportunidade de

revolucións socialistas. Aquí é cando se volve decisiva a teorización arredor da nación e a posibilidade de aplicar unha táctica revolucionaria coherente. Nos inicios do século XX a socialdemocracia revolucionaria con principios internacionalistas termina cedendo ao chauvinismo ligando os seus intereses cos da burguesía imperialista en vez de negarse a combater na I Guerra Mundial. Esta guerra fratricida entre obreiros foi defendida desde a socialdemocracia apelando á «defensa da patria», de aí que Lenin chamase a estes socialdemócratas aliados cos intereses imperialistas da súa nación como socialchauvinistas.

Seguindo as intuicións de Lenin, no período de entreguerras 1922-1939, o novo auxe do nacionalismo xa non posuía ningún carácter progresista na súa maioría. O nacionalismo desenvolvido nos Estados imperialistas de Occidente predicaba a defensa da nación por riba de clases ou minorías étnicas, unha ideoloxía que resoa nos Estados imperialistas que queren facerse un oco na rapina internacional das colonias e producir un novo reparto mundial; ata o SPD esgrimía o dereito a reclamar colonias para Alemaña. As secuelas e agravios da Guerra, a crise e o paro tras o 29, o terror por parte da pequena burguesía á proletarización, lanzaron estes sectores e unha parte da clase obreira ao nacionalismo reaccionario e ao fascismo.

As bases ideolóxicas do nacionalismo fascista sustentábanse no concepto de raza no nazifascismo ou nunha interpretación transcendental da historia como o «Imperio» ou o famoso «destino» de José Antonio Primo de Rivera. Nas filas revolucionarias, tras o ascenso ao poder do fascismo, recupérase unha forma de patriotismo antifascista e popular. Este

patriotismo popular encaixa coas liñas de Lenin que Losurdo rescata nas que afirma a posibilidade dunha gran guerra nacional en Europa se da Guerra Mundial xorde unha vitoria napoleónica. Isto finalmente aconteceu durante a II Guerra Mundial co Reich hitleriano e os fascismos periféricos. Desta Guerra reconfigúrase novamente Europa co xurdimento do bloque socialista e dá comezo unha vaga de revolucións anticoloniais que marcará o desenvolvemento dos seguintes 50 anos, comezando coa formación da República Popular China.

Tras a II Guerra Mundial, a cuestión nacional en Europa, marcada pola Guerra Fría, divídese entre a cuestión nacional no Leste e, polo tanto, as relacións internacionais entre a URSS e o resto de Repúblicas Socialistas e, por outra banda, a construción da Unión Europea. A semellanza da construción de Estados nación, a creación de Europa nace primeiro como creación dun mercado europeo; porén, Europa como realidade supranacional carece de todos os fenómenos de longa duración que conforman a estrutura fundamental para constituír nacións: lingua común, etc. Durante todo o século XX vaise fraguando a constitución de Europa como estrutura supranacional de Estados imperialistas. Porén, nas nacións occidentais vencedoras da Guerra, fronte ao orgullo patrio dos militares e a súa intervención na represión das loitas anticoloniais, aparece un sentimento antinacionalista xeneralizado dentro das filas revolucionarias, salvando algunhas excepcións como en Irlanda ou en EH. Tras a caída do muro de Berlín e especialmente tras a crise de 2008, a cuestión nacional en Europa xira especialmente arredor da relación de Europa cos seus Estados membros, desde os afáns europeístas de conformar a Europa do Sur liderada por Francia ou os regresos nacionalistas e antiglobalistas dos neorreaccionarios identitarios, pero non parece darse hoxe en Europa ningún proxecto nacional que non rexeite o imperialismo, xa sexa polo seu afán de adhesión á UE, como Catalunya, ou polo seu intento de recuperar a potencial imperialista patria fronte ao resto de potencias.

O problema nacional na era do imperialismo

Finalmente, fóra de Europa danse os procesos de descolonización onde a reivindicación nacional, a loita contra o colonialismo e o imperialismo, a influencia e o apoio das revolucións socialistas deron toda unha valiosa experiencia histórica da relación que pode chegar a ter a revolución social contra o feudalismo, o colonialismo e a emancipación nacional. Porén, estes procesos non están exentos de contradicións:

«Como sucedeu coa independencia de América Latina, fórmanse estados sobre estruturas nacionais inconsistentes; á inversa, unhas loitas que duraron varias decenas de anos, como en Vietnam ou en China, vincularon intimamente o proceso da independencia nacional co da revolución social, especialmente a través da fusión do exército e das masas populares. O cal non impide que, en numerosas ocasións, e aínda hoxe, o movemento revolucionario e o movemento nacional dependan aínda das actitudes recíprocas (tolerancias, exclusións, utilizacións, etc.) das capas moi numerosas que constitúen tanto a burguesía como o campesiñado.»

— Pierre Vilar

A estas dificultades para constituír novas nacións políticas independentes súmase a situación de dependencia económica das neocolonias. Non debemos esquecer que o mercado mundial se modela para satisfacer as necesidades das grandes potencias imperialistas. Estas mesmas potencias dotáronse de estruturas de control económico internacional como o Banco Mundial ou o FMI, e de estruturas supranacionais nas que varias nacións imperialistas fan prevalecer os seus intereses, como Europa. É así como nas nacións de Europa cada vez cobran máis relevancia estas estruturas supranacionais, aínda que formalmente a soberanía nacional siga recaendo en cada Estado. Evidentemente, a construción de Europa non responde a unha unidade harmoniosa de intereses e as nacións periféricas de Europa

encóntranse máis supeditadas nas grandes tomas de decisións. Pero non sexamos inxenuos, a periferia de Europa tamén está constituída por nacións imperialistas e asume certas cesións de soberanía a cambio de estar nun bloque imperialista que exerce máis presión no mercado internacional.

Ademais, no seo dos Estados imperialistas tamén aparecen movementos derivados da cuestión nacional, especialmente en Irlanda e Euskal Herria. Aínda que este non é o espazo para sintetizar estas

apreciacións: estes procesos están intimamente ligados á loita de clases e foron punta de lanza fronte ao imperialismo británico, así como fortemente vinculados ao movemento obreiro no Estado español, especialmente nos seus inicios. Por outra banda, a cuestión do imperialismo vólvese central, pois ben estes movementos acaban con vitorias parciais que non cuestionan o fondo da dependencia do imperialismo (Irlanda) ou ben foron pechándose na súa propia nación e caendo no chauvinismo pequeno-burgués (Euskal Herria).

Conclusión

Anosa intención con este texto era dar algunhas leccións para a rearticulación da loita de clases e a súa ligazón co movemento de liberación nacional. Podemos expoñer que:

As concepcións que separan a nación da súa base material (ligada á loita de clases e ao desenvolvemento do capitalismo e á construción dun mercado interno estatal coherente) e utilizan a mitificación de certos feitos históricos para decretar a existencia ou non das nacións non comprenden a historicidade do propio concepto. Esta desviación desde o marxismo supón caer no máis burdo idealismo e non serve para comprender o desenvolvemento nacional e os movementos e loitas que o acompañan.

A cuestión nacional para as comunistas é unicamente unha cuestión de principios en canto á defensa do dereito democrático-burgués á autodeterminación. O apoio a un movemento de liberación nacional, así como a organización das comunistas en partidos a nivel estatal ou nacional, corresponde a unha orde táctica, completamente subordinada ao desenvolvemento da loita de clases. Os movementos de liberación nacional presentan aspectos contraditorios que hai que valorar en cada caso concreto, sopesando como pode aproveitar a clase obreira as oportunidades que se lle presentan ante estes movementos de masas. O balance, pois, deberá realizarse analizando se pesan máis os aspectos

progresistas da loita nacional (dereitos democrático-burgueses) ou os aspectos reaccionarios chauvinistas que poñen trabas á unidade de clase e ao internacionalismo proletario.

A clase obreira ten a súa propia política respecto da cuestión nacional. Non existe ningunha alianza interclasista (máis alá do conxuntural con certas capas da burguesía) para a súa emancipación nacional que lle sexa favorable. Do mesmo xeito, sinalamos que a política da clase obreira é a revolución proletaria e que, polo tanto, non existe interese ningún en crear e fomentar un movemento nacional que non sexa de masas desde a nada, senón que deberá posicionarse nestes movementos xustamente cando son de masas. Tamén debemos sinalar que o imperialismo é a forma de dominación da burguesía na nosa era e que, polo tanto, confundir a liberación nacional coa plena emancipación da clase obreira sen unha loita pola independencia política e económica fronte ao imperialismo condena a clase obreira a subxugarse á nova burguesía nacente.

«Contestar “si ou non” no que se refire á separación de cada nación? Parece unha reivindicación sumamente “práctica”. Pero, en realidade, é absurda, metafísica en teoría e conducente a subordinar o proletariado á política da burguesía na práctica. A burguesía formula sempre en primeiro plano as súas reivindicacións nacionais. E fórmúlaas dun modo incondicional. O proletariado subordínalas aos intereses da loita de clases. Teoricamente non pode garantirse de antemán que a separación dunha nación determinada ou a súa igualdade de dereitos con outra nación poña fin á revolución democrático-burguesa. Ao proletariado impórtalle, en ambos os casos, garantir o desenvolvemento da súa clase; á burguesía impórtalle dificultar este desenvolvemento, supeditando as tarefas deste desenvolvemento ás tarefas da “súa” nación. Por iso o proletariado límítase á reivindicación negativa, por así dicilo, de recoñecer o dereito á autodeterminación, sen garantir nada a ningunha nación nin comprometerse a dar nada a expensas doutra nación.»

— V. I. Lenin · O dereito das nacións á autodeterminación (1914)